

**FEDERACIÓN GALLEGA DE PIRAGÜISMO
PONTEVEDRA**

Procedemento: Subvencións para proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 21-22 (TU300A)

Asunto: Resolución de concesión de subvención (Liña 2)

Nº Expediente: TU300A 2022 2/026

Proxecto: II TROFEO INTERNACIONAL XACOBEO

ANTECEDENTES

1. Por resolución da Axencia Turismo de Galicia do 10 de marzo de 2022, (DOG, núm. 52 do 16.03.2022) aprobáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 21-22 dentro do programa O teu Xacobeo e procédese á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TU300A).
2. Logo da instrución do procedemento e de acordo co previsto no artigo 12 das bases reguladoras da convocatoria, a solicitude presentada por FEDERACIÓN GALLEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA para o proxecto II TROFEO INTERNACIONAL XACOBEO foi valorada pola Comisión de Valoración cunha puntuación total de 68 puntos, en aplicación dos criterios previstos no citado artigo.
3. As solicitudes admitidas, baixo o réxime de concorrencia competitiva, despois da súa valoración conxunta e, en cumprimento do artigo 12.4, foron ordenadas por orde decrecente de puntuación e, no caso de empate, priorizáronse aquelas que solicitaban un importe menor de subvención.
4. A Comisión de Valoración considerou todas as solicitudes que superaron a puntuación mínima e propuxo a concesión de subvencións para todos os proxectos que, co criterio exposto no punto anterior, permitiu o crédito asociado a esta convocatoria de axudas na liña 2 cuxo límite é de 1.000.000 €.
5. A puntuación de corte establécese en 66 puntos, habendo varios expedientes que alcanzaron a devandita puntuación polo que cómpre aplicar o criterio de priorización por menor importe de subvención solicitado, tal e como se recolle nas bases da convocatoria
6. O 15/07/2022 notificóuselle a proposta de resolución de concesión dunha subvención nos seguintes termos:

| CONCEPTO | ORZAMENTO SUBVENCIONABLE | PUNTUACIÓN | PORCENTAXE | SUBVENCIÓN |
|---------------------------------|--------------------------|------------|------------|-------------|
| II TROFEO INTERNACIONAL XACOBEO | 24.031,50 € | 68 | 70% | 15.000,00 € |





De conformidade co artigo 13 das bases reguladoras destas axudas na referida notificación concedíase un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Transcorrido o dito prazo o interesado non presentou alegacións.

7. Cumprimentado o trámite de audiencia, o órgano instrutor, segundo dispón o artigo 14 das bases reguladoras, formulou proposta de resolución definitiva de concesión de subvención a **FEDERACIÓN GALLEGA DE PIRAGÜISMO PONTEVEDRA** con NIF **G36040764** por importe de 15.000,00 € €.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O órgano competente para ditar esta resolución é a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia en base ao establecido no artigo 14 da resolución da Axencia Turismo de Galicia do 10 de marzo de 2022, (DOG, núm. 52 do 16.03.2022) aprobáronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 21-22 dentro do programa O teu Xacobeo e procédese á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TU300A).

2. Estas subvencións concédense con cargo á aplicación orzamentaria 2022.05.A2.761A.781.2, código de proxecto 2018.00002, e o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria para a anualidade 2022 ascende á contía de 1.000.000 €.

3. O ámbito temporal no que se deben executar os proxectos subvencionados ao abeiro desta convocatoria é dende o 1 de maio a 31 de outubro de 2022. De conformidade co artigo 20.3 da Resolución do 10 de marzo de 2022 o prazo de xustificación rematará o 31 de outubro de 2022.

4. As subvencións reguladas nesta resolución serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que, para o mesmo proxecto ou finalidade leve financiamento con cargo os créditos da Axencia Turismo de Galicia e da Consellería de Cultura, Educación e Universidades ou as entidades adscritas á citada consellería, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros...). En ningún caso, o importe da axuda concedida máis o importe doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, poderá ser superior ao custo das actuacións obxecto do proxecto subvencionado.

5. Coa aceptación da subvención, os beneficiarios asumen os compromisos e obrigas establecidos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 19 das bases reguladoras.

En consecuencia co exposto RESOLVO





Conceder a SOLICITANTE unha subvención para o proxecto solicitado de acordo coas seguintes condicións:

| CONCEPTO | ORZAMENTO SUBVENCIONABLE | PUNTUACIÓN | PORCENTAXE | SUBVENCIÓN |
|---------------------------------|--------------------------|------------|------------|-------------|
| II TROFEO INTERNACIONAL XACOBEO | 24.031,50 € € | 68 | 70% | 15.000,00 € |

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpor recurso potestativo de reposición ante esta Axencia Turismo de Galicia no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao recibimento desta notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado Contencioso Administrativo de Santiago no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao recibimento desta notificación, de conformidade co disposto nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se lle notifica en cumprimento do establecido no artigo no artigo 40, da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

A directora de Turismo de Galicia

M^a Nava Castro Domínguez

